

## ACTA DE REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Convocada en tempo e forma, o día 12 de xaneiro de 2023, sendo ás 21:00 horas, réunese mediante videoconferencia a Xunta Directiva da Federación Galega de Orientación (FEGADO) coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión do día 15 de decembro de 2022.
2. Cambio de datas do Campionato Galego e carreiras.
3. Tecnificación xaneiro.
4. Pepephone (liña FEGADO).
5. Correo FEGADO, Dropbox.
6. Xogade (Escolares Galegos).
7. Trofeos Campionatos Galegos.
8. Dietas.
9. Ranking liga Galega (programa).
10. Uniformidade FEGADO.
11. CESA.
12. Rogos e Preguntas.

### Asistentes/Ausentes:

Nome e apelidos	Cargo	Presente	Ausente
Sonia Gómez Naya (Compás)	Presidenta	X	
Claudia Oreiro Chapela (Gallaecia)	Vicepresidenta	X	
Roberto Amarelle Garabán (Compás)	Secretario		X
F. Javier Antoñón Clemente (Arnela)	Tesoureiro	X	
Pablo Adrián Aller Estévez (Trevinca)	Responsable O-pé	X (incorpórase ás 21:20)	
José Antonio Ricoy Bugarín (Aromón)	Responsable Trail-O		X
José Cabaleiro Vila (BudiñoRaid)	Responsable MTBO	X	
Jorge Piñeiro Portela (Ártabros)	Responsable Dirección Técnica	X	
María Piñeiro Varela (Ártabros)	Responsable de Comunicacions		X
Candela Puime López (VIGOrienta)	Responsable de Deporte Escolar e Universitario	X	
Manuel Pedre Vázquez (Gallaecia)	Responsable Raids	X	

## 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión do día 15 de decembro de 2022.

A Presidenta da FEGADO, Sonia Gómez Naya, toma a palabra dando a benvida aos presentes, nombrando coma Secretaria Accidental a Candela Puime López por ausencia do Secretario titular, ao que esta acepta e comeza a transcribir a Acta. A Presidenta expón a necesidade de aprobar a acta da Xunta Directiva anterior, con data 15 de decembro de 2022. Quedando aprobada con votos a favor dos asistentes e unha abstención.

## 2. Cambio de datas do Campionato Galego e carreiras.

Sonia Gómez Naya, Presidenta da FEGADO, expón que a data para a proba de MTB-O de OPBZ do 04 de marzo de 2023, coincide con outra proba e solicitan modificala. Apróbase o cambio de data, pasando ésta a realizarse o día 11 de marzo de 2023.

Tamén comenta que o clube Compás non fará o Campionato O-pé de Distancia Media, con data 22 de abril de 2023, por considerar o mapa de pouco nivel para un Campionato de alta competición, pasando esta proba a ser da Liga Galega de O-pé. O Campionato de Distancia Media será proposto a un clube por Javier Alvelo.

## 3. Tecnificación xaneiro.

Sonia Gómez Naya reitera que enviou dous correos a Rafael Lima, seleccionador e encargado das tecnificacións portuguesas O-pé, pero sen resposta. Pedíuse a participación de adultos para que éstos leven aos/as rapaces/as sen gastos para FEGADO.

Sí houbo resposta a os correos ao encargado de MTB-O.

Jorge Piñeiro intentará falar con Rafael Lima a vindeira semana.

## 4. Pepephone (liña FEGADO).

A Presidenta comenta a posibilidade de quitar un MiFi contratado coa compañía Pepephone que custa 12€ mensuais e do que non se fai uso. Ao que, mediante voto favorable, darase de baixa.

## 5. Correo FEGADO, Dropbox.

A Presidenta cédelle a palabra a Manuel Pedre, que comenta que solicitouse que se considerara á FEGADO coma Entidade sen ánimo de lucro a nivel nacional e foi concedido. Microsoft e Google aceptáronno e expón os beneficios de cada un deles.

Tamén fai constar que ao administrar o dominio "FEGADO" nas contas sen ánimo de lucro dan un erro. Estase intentando

solucionalo con varias opcións. Comenta que Lito leva o tema e queda pendente por ser el o encargado da web.

A continuación, a Presidenta pregunta se Dropbox cambiaría en algo se pasamos a Microsoft. Manuel responde que son dúas cousas distintas e non sufriría cambios e que habería 1 Tb de espazo por conta. Javier Antoñón propón facer unha copia de seguridade das carpetas por si houbera algún problema.

Pablo Aller pregunta a Manuel Pedre se os enlaces de Dropbox á web da FEGADO perderíanse, ao que lle responde que, se están ben feitos, non se perderían.

## 6. Xogade (Escolares Galegos).

A Presidenta pasa a unir este punto co número 11.

## 7. Trofeos Campionatos Galegos.

A Presidenta propón diplomas pagados pola FEGADO, posto que os trofeos serían un gasto moi grande por mor da cantidade de Campionatos que hai en cada disciplina mais a liga. Comenta que Pablo Aller creou o deseño destes diplomas para o Campionato de Remudas. Apróbase esta proposta. Estes diplomas enviaríanse uns días antes dos eventos aos clubs.

Toma a palabra Pablo Aller e comenta a posibilidade de facer uns xenéricos para cada evento, tendo que poñer simplemente os nomes das/dos gañadores.

## 8. Dietas.

Toma a palabra F. Javier Antoñón. Propón facer reunións on-line, pero ás persoas que queiran participar presencialmente, debería ser a FEGADO quen pague estes gastos aos dos estamentos e os clubs a os seus representantes.

De seguido, a Presidenta propón pagar as dietas dos xuíces controladores por a FEGADO, coma fai a FEDO. Manuel Pedre solicita que para os xuíces SportIdent tamén a o que Claudia Oreiro comenta que moitos/as xuíces non cobran en Galicia porque non queren e que podería ser un una parte proporcional deste gasto ou nun 100% por parte da FEGADO. A Presidenta expón que debería facerse como "dieta" para non pagar impostos xa que a Federación non fai facturas. Javier Antoñón di que se pode meter na partida dos Presupostos de Organización xa presentada anteriormente.

Jorge Piñeiro propón votalo en Asamblea.

O gasto de dietas para os xuíces-técnicos SportIdent pasará a ser unha proposta para o ano 2024, quedando para a seguinte Xunta.

O sábado 14 de xaneiro de 2023 haberá unha charla de xuíces controladores e farase un listado das persoas dispoñibles para o ano en curso.

## 9. Ranking liga Galega (programa).

A Presidenta comenta que o ranking O-pé faralo Pablo Aller e o da liga Transfronteriza, éste coa axuda de Javier Alvelo, quedando pendente de falar cos encargados desta liga pola parte portuguesa para ver cómo facela.

## 10. Uniformidade FEGADO.

A Presidenta pasa a palabra a Candela Puime, que será a encargada da uniformidade. Ésta comenta que ten varios presupostos e que enviarallos a Javier Antoñón para que os vexa e poda dicir o presuposto para o pedido destas prendas. Javier Antoñón fai constar que o presuposto é moi pequeno e que hai que solicitar algunha subvención para tal fin.

Un dos presupostos que recibiu Candela é dunha empresa que faría un patrocinio con un coste de 5€ por camiseta, as cales poderíanse vender.

A Presidenta comenta que as camisetas poderíanse vender, pero o resto de prendas non por ser un premio. Tamén di que para o CESA hai roupa do ano pasado, pero pedirase para entregarse para o vindeiro ano e así sucesivamente. A Selección recibirá chándal e camiseta. Farase un inventario para mercar maillots, culotes, camisetas, chándals e abrigos.

## 11. CESA.

Neste punto falarase tamén do punto 6.

Toma a palabra Candela Puime, responsable de deporte escolar e universitario, que expón prezos e tempos de viaxe para o traslado das/os participantes tanto en autobús, tren ou avión, sendo menos custoso o avión e de menos tempo, facendo que poidan chegar menos agotados por horas de viaxe. Comenta que habería a posibilidade de viaxar dende o aeroporto de Vigo, A Coruña ou Santiago cara Barcelona e alí, terían un autobús posto pola organización que os trasladaría ao aloxamento. Estes billetes habería que mercalos o antes posible para que o coste sexa o menor posible e faríanse mediante unha axencia de viaxes á que habería que pagar eses billetes como máximo aos 10 días da compra.

A Presidenta comenta que habería que contar cos xuvenís, que os paga a FEGADO. Ao resto de rapaces págallo a SXD. Pídelle a Jorge Piñeiro que faga a pre-selección para mercar os billetes o antes posible.

## 12. Rogos e Preguntas.

A Presidenta comenta que faltan contas do ano 2022 por entregar mais o PER, quedando así pechados os presupostos anteriores.

Jorge Piñeiro toma a palabra e propón facer un modelo de Acta con Ángel Serto coma responsable de xuíces e falalo na charla de xuíces o sábado 14 de xaneiro e poder subila a “transparencia” da web da FEGADO.

Síguelle Claudia Oreiro, que comunica que recibiu poucos documentos asinados de protección de datos de novas/os federadas/os.

A Presidenta di que conste en Acta que José Cabaleiro Vila, do clube BudiñoRaid, pasa a ser o novo responsable de MTB-O, xa que Enrique Luis Álvarez Estévez desestima o cargo por motivos persoais.

Pablo Aller comenta que na anterior Xunta non se falou da “Copa Deputación” e a Presidenta responde que o levará a Federación e que se pasará a falar deste tema na seguinte Asamblea.

A Presidenta expón unha alternativa aos temas de datas para os eventos do vindeiro ano 2024. Sería anotar a FEGADO as datas e os clubs escollen cáles farían as probas. Tamén di que Ricardo García Dengra será o novo colaborador de cartografía e que Alberto Lamela levará a asesoría da FEGADO, xa que ten experiencia con outras federacións.

Toma a palabra Javier Antoñón, que comenta que hai que facer factura polo cobro do alquiler do material, igual que pasa con Xesta, e que non poder ter IVA polo que habería que tratar este tema.

E non habendo máis asuntos que tratar, dase por rematada esta reunión ordinaria da Xunta Directiva da FEGADO sendo as 23:46 horas, e da cal eu coma Secretaria accidental dou fe.

Vigo, 12 de xaneiro de 2023.

A Secretaria accidental

Candela Puime López

A Presidenta

Sonia Gómez Naya